


CON PASO FIRME

Prezada comunidade:

Moi pronto poderemos anunciarvos a data do evento de presentación do proxecto **BIOTRANSFER Galicia - Norte de Portugal** impulsado por ECOBAS para a caracterización do sector biotecnolóxico na eurorrexión.

Este fito marca un antes e un despois na evolución e consolidación da área de transferencia do noso centro de investigación, pois por primeira vez a investigación en Ciencias Sociais lidera un proxecto transfrenteirizo para o noso territorio, no marco da convocatoria competitiva Interreg VI-A España - Portugal (POCTEP) 2021-2027.

Moitos, moitos parabéns ao equipo responsable, conformado cun 100% de membros ECOBAS un 100% cooperación e coparticipación interuniversitaria.



Por suposto, noraboa tamén e grazas pola confianza e o traballo aos que serán os socios nesta nova andadura que comezamos: o Clúster das Ciencias da Vida, BIOGA; a Associação Portuguesa de Bioindústria (APBIO); o Instituto Politécnico do Porto; o Instituto Politécnico de Bragança; o CVC-Centro para a Valorización de Residuos; e a Axencia Galega de Innovación, GAIN.

Destacamos tamén neste número da newsletter dúas novas relativas ao noso equipo investigador. Por unha banda, a incorporación ao equipo de **Rodrigo Lozano**, que ven de asinar a súa adscripción ao noso centro logo de ingresar na UDC o pasado 1 de febreiro na condición de **investigador senior distinguido Beatriz Galindo**. Bemvido e moitos parabéns!!!

Por outra banda, a nosa coordinadora de Transferencia, **Isabel Neira**, asumiu no mes de xaneiro o seu novo posto como directora da Escola Internacional de Doutoramento da USC, EDIUS. De parte de todo equipo, Isabel, recibe o noso desexo dos mellores éxitos nesta responsabilidade, que sabemos que encaras con entusiasmo e que de seguro traerá novas oportunidades e iniciativas para a promoción do noso talento investigador e o desenvolvemento das carreiras académicas do noso persoal junior.

AXENDA




>>> ECOBAS WINTER SCHOOL: IA XENERATIVA PARA ECONOMÍA E CC SOCIAIS

Este curso está deseñado para aprender a traballar coa IA en investigación aplicada ás ciencias sociais facendo que o aumento da produtividade sexa seguro e transferible: aprenderás non só "prompt intelixentes", senón tamén a construír fluxos de traballo verificables e reproducibles que che permitan manter o control das suposicións, das fontes e da corrección, para que poidas avanzar máis rápido sen baixar os estándares.

VIGO
23 e 24
FEBREIRO

- INSTRUTOR: Aleš Maršál
 - HORARIO: de 9.30 a 14.00 h
 - MODALIDADE: híbrido presencial e online.
 - PRESENCIAL: Vigo. Facultade de CC. EE da UVigo. Aula 156.
 - ONLINE: ECOBAS Academy vía Teams.
- Imprescindible** INSCRICIÓN.



[Descargar programa PDF](#)

>>> RESEARCH SEMINAR: ALEŠ MARŠÁL

VIGO
25/02
12:00H

"Generative AI as Routine-Biased Technical Change? Evidence from a Field Experiment in Central Banking"

- MODALIDADE: híbrido presencial e online.
- PRESENCIAL: Vigo. Fac. CC.EE. Aula-seminario 5.
- ONLINE: ECOBAS Academy. **Imprescindible** [registro previo aquí](#).



>>> CIBERECO-LAB: ANTICIPÁNDONOS AOS RISCOS DIXITAIS

SANTIAGO
25/02

O proxecto estratéxico CIBERECO, financiado polo Instituto Nacional de Ciberseguridade-INCIBE e liderado pola directora científica de ECOBAS e catedrática da USC **María Loureiro**, culmina o vindeiro 25 de febreiro na Cidade da Cultura coa celebración do CIBERECO Lab, un espazo de intercambio e conexión, concebido para a **intersección útil entre ciencia, empresa e sociedade. Participa!!**



INSCRICIÓN AQUÍ

Con este enfoque de transferencia de coñecemento terá lugar este foro no que participa ECOBAS e no que se darán cita múltiples perfís, tanto profesionais da ciberseguridade como alleos a este ámbito de especialización, pero cada vez máis necesitados dos seus avances: pemes, profesionais autónomos, responsables públicos, hackers éticos, membros de corpos de seguridade do Estado e por suposto, profesionais expertos en seguridade dixital.

O convite para asistir a este foro de coñecemento é aberto a toda a nosa comunidade. Trátase de contribuír a unha sociedade informada, con acceso ás fórmulas que nos permitan **protexer a vida e os negocios na contorna dixital**, a cada paso máis complexa.

AXENDA



>>> SAVE THE DATE: ECOBAS INTERNATIONAL WOMEN'S DAY

OURENSE
05/03
12:00H


No marco dunha axenda científica que traballa de maneira transversal pola igualdade, a equidade, a diversidade, a inclusión social e o benestar, ECOBAS celebra este acto con motivo da conmemoración da efeméride internacional que visibiliza o papel da muller no espazo global.



Estamos a traballar nun programa que pronto compartiremos con todos vós, no que teremos a oportunidade de contar, entre outras participacións, con **Laura Seara Sobrado**. Graduada en Dereito, con mestrado en Calidade de Servizos e mestrado en Intervención Interdisciplinar na Violencia de Xénero, posúe máis de 20 anos de experiencia no eido das políticas públicas de igualdade. Foi secretaria de Estado de Igualdade (2011) e directora xeral do Instituto de la Muller do Goberno de España (2009-2011), durante o cal participou activamente no desenvolvemento da Lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e da Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva entre mulleres e homes. Formou parte do equipo ministerial que redactou a Lei Orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo.

Moi pronto publicaremos a información de detalle deste programa. Polo de agora, fai a reserva na túa axenda!!

>>> ITINERARIO DE FORMACIÓN EN IGUALDADE PARA PDI



1ª sesión
11-MARZO
2ª sesión
18-MARZO


Evitar os sesgos de xénero na nosa investigación é un dos puntos críticos nos que debemos poñer especial atención, con máis motivo, se cabe, no eido das Ciencias Sociais. Por iso, e tal como contempla o Plan de Igualdade de ECOBAS, entre as encomendas do noso centro está a de artellar diversas iniciativas que contribúan a normalizar, xeralizar e aplicar correctamente a perspectiva de xénero na investigación.

A formación nesta materia no só funciona como elemento fundamental para promover a igualdade entre mulleres e homes na nosa sociedade; tamén é unha ferramenta imprescindible para **mellorar a calidade da nosa produción científica**, dacordo coa nosa búsqueda constante da excelencia.

Con este obxectivo desenvolveremos nas próximas semanas este itinerario de formación en igualdade e perspectiva de xénero para PDI, tanto para **investigadoras/es senior**, como en atención á nova xeración de **persoal investigador junior**.

- A formación, cun total de 40 horas lectivas, será impartida en 10 sesións de 4 horas.
- As persoas participantes obterán **certificación homologada** (puntuable como mérito na maioría das convocatorias das administracións públicas).


AXENDA



>>> WORKSHOP ECOBAS CLOUD: INTRODUCCIÓN A GITHUB

SANTIAGO
25/03
12:00H

Afondando na formación en tecnoloxías cloud e dacordo cos recursos despregados e xa disposición do persoal investigador de ECOBAS, celebraremos este taller práctico para a iniciación en GitHub, unha tecnoloxía idónea para xestionar, compartir, preservar e facer transparente o código, os datos e a documentación de proxectos científicos.

- INSTRUTOR: Alberto Permuy, director técnico de Codery
- HORARIO: de 12.00 a 13.30 h
- MODALIDADE: exclusivamente PRESENCIAL.
- PRESENCIAL: Santiago de Compostela. Facultade de CC. EE da USC.
- INSCRIPCIÓN PREVIA: proximamente
- Información detallada  [DESCARGAR PDF PROGRAMA](#)



>>> JUNIOR RESEARCH SEMINAR: CLAUDIA DANIEL ESCURZA, UVIGO

SANTIAGO
26/03
13:00H

"Son os sistemas de cultivo alternativos máis sostibles que os convencionais? Resultados dunha revisión sistemática baseada na avaliación multicriterio"

- MODALIDADE: híbrido presencial e online.
- PRESENCIAL: Vigo. Fac. CC.EE. da UVigo.
- ONLINE: ECOBAS Academy. Imprescindible rexistro previo (proximamente).



ECOBAS celebra este seminario en colaboración co Centro de Investigación de Paisaxes Atlánticas, CISPAC.

>>> ECOBAS RESEARCH SEMINAR: VERÓNICA BOLÓN, CITIC-UDC

A CORUÑA
27/03
12:30H

A investigadora do CITIC da UDC e directora da Cátedra INDITEX-UDC de Inteligencia Artificial en Algoritmos Verdes, Verónica Bolón, participará no ciclo de seminarios de investigación de ECOBAS para compartir a súa investigación para lograr unha IA compatible co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente.

"Intelixencia artificial verde: Cara a un futuro sostible"

- MODALIDADE: híbrido presencial e online.
- PRESENCIAL: A Coruña. Espazo ECOBAS do Edificio Central de Servizos de Investigación-ESCI.
- ONLINE: ECOBAS Academy. Imprescindible rexistro previo (proximamente).



TALENTO INVESTIGADOR



>>> **RODRIGO LOZANO, NOVA INCORPORACIÓN AO EQUIPO CIENTÍFICO DE ECOBAS A TRAVÉS DO PROGRAMA BEATRIZ GALINDO**

O investigador experto en sostibilidade das organizacións **Rodrigo Lozano** incorporarse o pasado 1 de febreiro ao cadro de PDI da Universidade da Coruña na figura de “investigador distinguido senior”, con compromiso de adscrición a ECOBAS, tras resultar beneficiario do programa Beatriz Galindo (convocatoria 2024) do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades.



A captación de talento investigador excelente e o reforzo da proxección internacional son os obxectivos principais das axudas Beatriz Galindo, **altamente** competitivas e consideradas como un dos programas de atracción do talento investigador con maior esixencia no sistema universitario español, polo que a incorporación de Rodrigo representa para ECOBAS un espaldarazo ao labor e o posicionamento do noso centro de investigación, así como un recoñecemento á calidade do traballo do equipo humano que o integra.

O profesor Lozano, enxeñeiro químico polo Tecnolóxico de Monterrey, posúe un mestrado en Xestión e Política Ambiental pola Lund University e un doutoramento en Xestión do Cambio Organizacional para a Sostibilidade Corporativa pola Universidade de Cardiff.

Referencia internacional nos ámbitos da sostibilidade e a economía circular, Rodrigo leva **seis anos consecutivos incluído no 2% dos mellores investigadores do mundo (Stanford/Elsevier)** e conta con máis de vinte anos de experiencia en empresas, universidades, portos marítimos e entidades públicas a nivel internacional.

Os seus intereses de investigación abranguen a sostibilidade das organizacións (avaliación e rendición de contas), a xestión do cambio organizacional para a sostibilidade corporativa, a economía circular, a contratación pública, a redución da pobreza enerxética, a eficiencia enerxética e a redución do desperdicio alimentario. Dende aquí lle damos a nosa máis calurosa benvida.

>>> **ISABEL NEIRA, PRIMEIRA MULLER INVESTIGADORA EN CIENCIAS SOCIAIS EN ASUMIR A DIRECCIÓN DA EDIUS (USC)**



Por primeira vez unha muller investigadora en Ciencias Sociais asume a dirección da Escola de Doutoramento Internacional da universidade compostelana. A catedrática da USC e coordinadora de Transferencia de ECOBAS **Isabel Neira** asume esta nova responsabilidade tras unha extensa carreira investigadora que sempre tivo como telón de fondo o seu interese pola xestión do talento e o apoio ao desenvolvemento do capital humano e do capital social.



De todo o equipo, recibe moitos parabéns e o noso desexo dos mellores éxitos nesta nova etapa!!!

RRHH PREDOCS/POSDOCS



>>> AXUDAS A DOUTORAMENTOS INDUSTRIAIS 2026 - GAIN

Este programa financia o desenvolvemento dunha tese de doutoramento na contorna empresarial. Deben estar baseadas en proxectos de investigación que impliquen unha colaboración efectiva entre unha empresa ou centro de innovación e tecnoloxía (solicitante), e unha universidade do Sistema Galego Universitario (SUG) por un periodo máximo de 4 anos.

- Convocatoria: próxima publicación (DOG 27/02/26)
- Alcance previsto: 15 teses de doutoramento na contorna empresarial, 12 realizadas en empresas e 3 en centros de innovación e tecnoloxía
- Detalles e documentación relacionada [aquí](#)
- Máis información
 - No correo electrónico: axudastalentotransferencia.gain@xunta.gal
 - Nos teléfonos: 981 337 136 / 981 337 157 / 981 337 183



>>> AXUDAS DE APOIO Á ETAPA POSDOUTORAL

A finalidade deste programa de axudas á etapa de formación posdoutoral, dun máximo de 6 anos de duración, é incrementar a incorporación do persoal investigador ao Sistema de I+D+i galego fomentando a adquisición e perfeccionamento das habilidades propias do persoal investigador doutor, mediante contratos nos axentes que conforman o sistema e permitindo a súa mobilidade internacional para mellorar a súa formación e capacitación.

- Convocatoria: publicada no DOG 27/01/26
- Prazo de presentación de solicitudes: **ata 27/02/26**
- Máis información:
 - No correo electrónico: axudas-rrhh-xestion.gain@xunta.gal
 - Nos teléfonos: 881999213 / 981543991

>>> AXUDAS PARA COMPLETAR A ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL

Esta liña de axudas a fondo perdido posibilita a continuación da formación das doutoras e doutores que comezaron a súa formación posdoutoral, buscando un perfeccionamento na súa formación e o establecemento dunha liña de investigación propia que lles permita, nun futuro, consolidar a súa traxectoria.

- Convocatoria: publicada no DOG 27/01/26
- Establécense 20 axudas para as universidades do SUG.
- Prazo de presentación de solicitudes: **ata 27/02/26**
- Máis información:
 - No correo electrónico: axudas-rrhh-xestion.gain@xunta.gal
 - Nos teléfonos: 881999213 / 981543991

FINANCIAMENTO// INTERNACIONALIZACIÓN



>>> INFODAY NOVAS CONVOCATORIAS DO EUROPEAN INNOVATION COUNCIL (EIC) DO PROGRAMA HORIZONTE EUROPA

A Axencia Galega de Innovación celebra na súa sede unha xornada de presentación das convocatorias do European Innovation Council (EIC) de Horizonte Europa (HE) para 2026.

En formato unicamente presencial, estarán nesta sesión:

- Marta Marín, Punto Nacional de Contacto do FECYT para EIC Pathfinder
- Marta Herrero, Punto Nacional de Contacto do CDTI para EIC Transition
- Luís Guerra, Punto Nacional de Contacto do CDTI para EIC Accelerator

Para as entidades interesadas GAIN ofrece a posibilidade de manter reunións bilaterais específicas con eles.



Xoves 26 de febreiro



10 a 14 h



Exclusivamente presencial



Sede da Axencia Galega de Innovación (Rúa Airas Nunes, s/n, Santiago de Compostela)

Solicita [aquí a túa INSCRIPCIÓN](#)



>>> AXUDAS ECOBAS Á PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS A CONVOCATORIAS EUROPEAS 2026

Esta convocatoria, dirixida ao persoal investigador adscrito a ECOBAS ofrece a oportunidade de acadar apoio para a preparación e presentación de propostas a convocatorias europeas, particularmente en programas como Horizon Europe, European Research Council (ERC) grants, Marie Skłodowska-Curie Actions, LIFE, Cohesion Fund, Digital Europe Programme, Erasmus+, COST Actions, ERA-NET, Interreg, EIC ou outros de similares características no ano 2026.

As axudas están dirixidas á contratación de servizos de consultoría especializada e poderán destinarse a servizos como:

- Revisión e mellora de propostas.
- Apoio na redacción técnica.
- Asesoramento sobre o axuste da proposta á convocatoria europea correspondente.
- Preparación de orzamentos e aspectos administrativos.
- Busca de socios internacionais.



Convocatoria financiada con fondos FEDER procedentes das axudas para a concesión da acreditación de excelencia e para o apoio aos centros de investigación do SUG

[Consulta aquí as Bases e Anexos para a presentación de solicitudes](#)

MÁIS COMUNIDADE



>>> REIMAGINING B2B: DIGITAL, SUSTAINABLE, HUMAN

Baixo o título “Remaining B2B: Digital, sustainable, human”, a cidade de Vigo acolle este ano a 2026 CBIM International Conference. Este congreso de marketing industrial, vendas, relacións comprador-vendedor e creación de valor terá lugar do 17 ao 19 de xuño próximos, organizado polo Departamento de Organización de Empresas da UVigo.

Call for papers

Transformación dixital, AI, data y analytics | Servitization and solution-oriented models | Customer experience and branding | Sales and account management | Globalization and interorganizational networks | Innovation management and new product development | Supply chain strategy and collaboration

- Prazo: ata o **6 de abril** 2026, 23:59 h CET
- Web oficial do congreso: <https://cbim2026.com/>

>>> VISITAS DE ALUMNADO DE BACHARELATO

O talento mozo interesado na investigación en Ciencias Sociais está a chamar á porta de ECOBAS. Por iso este ano activamos o programa de visitas ao noso centro, no que estaremos felices de planificar e celebrar estas sesións de portas abertas cun enfoque de achega e colaboración para o alumnado interesado en explorar esta carreira profesional.

Solicitudes: comunicacion@ecobas.gal

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

